

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE SOLICITAR ÁS EMPRESAS CONTRATISTAS DA UDC

As empresas contratistas ou traballadores autónomos que desenvolvan actividades na UDC no momento da formalización do contrato e no exercicio da coordinación de actividades empresariais, deben entregar a seguinte documentación, ao abeiro do art. 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e do RD 171/2004 que o desenvolve:

1. Avaliación dos riscos que a súa actividade pode xerar nos Centros da UDC
2. Planificación da acción preventiva correspondente
3. Nomeamento da persoa responsable da coordinación de actividades de prevención de riscos laborais, coa UDC e coas súas contratadas e subcontratadas. Relación de contratadas e subcontratadas, de ser o caso

En caso de ser a Universidade empresa principal, é dicir, cando contrate con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á súa propia actividade e se desenvolvan nos seus centros de traballo, deberá solicitar ademais:

1. Xustificación da estrutura preventiva
2. Relación de persoal autorizado para acceder aos locais da UDC
3. Relación de contratadas e subcontratadas, de ser o caso
4. TC correspondentes
5. Póliza de responsabilidade civil
6. Xustificación do cumprimento das súas obrigas, respecto dos traballadores que van prestar os seus servizos na UDC, en materia de formación, información, entrega de EPI, control dos equipos de traballo e outros aspectos preventivos
7. Acreditación da información e formación dos traballadores da empresa contratista
8. Acreditación da aptitude médica dos traballadores para realizar a tarefa
9. Autorización, cando esta sexa preceptiva, para realizar a tarefa

Esta documentación será remitida ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais e aos Coordinadores do Contrato nos Centros afectados.